# PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

(ADAPTADA Á ORDE DO 27 DE DECEMBRO DE 2022)

Economía 4º ESO

Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial 4º ESO

Economía da Empresa 2º Bacharelato

Fundamentos de Administración e Xestión 2º Bacharelato

Curso escolar: 2022-2023

IES PEDRO FLORIANI

Redondela (Pontevedra)

**Xefa dpto.: Mª Luisa Bugallo Varela**

**ÍNDICE**

Pax.

I.DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA: MATERIAS E PROFESORADO……………………………………………………….3

II.CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO………………………………………………………………………………….4

III. REFERENCIAS NORMATIVAS…………………………………………………………………………………………4

IV. 4º ESO

A) OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA……………………………………………6

B) CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS DE ***ECONOMÍA*** E ***INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL*** Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE……………………………………..8

C) ECONOMÍA NA OPCIÓN ORIENTADA ÁS ENSINANZAS ACADÉMICAS

C.1. INTRODUCIÓN………………………………………………………………………………………10

C.2.CONTIDOS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES /COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIBLES……………………………………………………11

C.3. TEMPORALIZACIÓN………………………………………………………………………………17

D) INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL NA OPCIÓN ORIENTADA AS ENSINANZAS APLICADAS

D.1. INTRODUCIÓN………………………………………………………………………………………17

D.2.CONTIDOS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES /COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIBLES……………………………………………………18

D.3. TEMPORALIZACIÓN………………………………………………………………………………23

V. BACHARELATO

A) OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE BACHARELATO………………………………………………...24

B) CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS DE ***ECONOMÍA DA EMPRESA*** *e* ***FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN*** (2º BACHARELATO) Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE……………………………………………………………………………………………………………...25

C) ECONOMÍA DA EMPRESA: 2º BACHARELATO. MODALIDADES: HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS E CIENCIAS

C.1. INTRODUCIÓN……………………………………………………………………………….28

C.2.CONTIDOS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES /COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIBLES…………………………….29

C.3. TEMPORALIZACIÓN…………………………………………………………………………37

D) FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN: 2º BACHARELATO. MODALIDADES: HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS E CIENCIAS

D.1. INTRODUCIÓN……………………………………………………………………………….38

D.2 .CONTIDOS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES /COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIBLES…………………………….39

D.3. TEMPORALIZACIÓN………………………………………………………………………...45

VI. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A) PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN…………………………………………………………………46

B) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN……………………………………………………………………………48

VII. METODOLOXÍA……………………………………………………………………………………………………49

VIII. MATERIAL DE APOIO E RECURSOS DIDÁCTICOS……………………………………………………………51

IX. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE CADA AVALIACIÓN TRIMESTRAL: ESO E BACHARELATO…52

B) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA…………………………………53

C) CRITERIOS CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA: 2º DE BACHARELATO……..56

D) ACTIVIDADES E REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN……………………………………57

X. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

A) INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO…………………………………………………58

B) INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE……………………………………………………59

XI. RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE ECONOMÍA DE 1º BACHARELATO……………60

XII. AVALIACIÓN INICIAL……………………………………………………………………………………………60

XIII. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE…………………………………………………………………………………61

XIV. ELEMENTOS TRANSVERSAIS…………………………………………………………………………………62

XV. PROXECTO LECTOR……………………………………………………………………………………………63

XVI. PLAN TIC…………………………………………………………………………………………………………64

XVII. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES…………………………………………………66

XVIII. PLAN DE CONVIVENCIA………………………………………………………………………………………66

XIX. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN…………………………66

## I.DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA: MATERIAS, PROFESORADO E REUNIÖNS.

O departamento de Economía farase cargo da impartición das seguintes materias no presente curso escolar: 2022-2023:

- Economía: 4º ESO
- Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial: 4º ESO
- Economía da Empresa: 2º Bacharelato
- Economía:1º Bacharelato
- Fundamentos de Administración e Xestión: 2º Bacharelato

As devanditas materias serán impartidas pola profesora, María Luisa Bugallo Varela, xefa do departamento unipersoal de Economía.

A xefa do departamento de Economía, como mínimo unha vez ao mes, levantará acta das pertinentes comprobacions e segumento da Programación, facendo as pertinentes rectificacións e adoptando medidas correctoras se fose necesario, ademáis doutros asuntos salientables que merezan deixar constanza deles. Nembargantes, cando o

curso chegueaoseu remate, na Memoria final do departamento, recollerase o nivel de cumprimentodos obxectivos e contidos abordados durante o curso.

## II.CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO.

O IES Pedro Floriani está situado na vila de Redondela, capital do concello co mesmo nome, na provincia de Pontevedra. O alumnado para a ESO procede na súa case totalidade das parroquias de Cabeiro e de Reboreda, onde están situados os centros adscritos.

O centro abarca unha superficie algo superior a unha hectárea con 5 edificacións independentes. Entre outros, dispón de laboratorio de Física e Química, laboratorio de Bioloxía, pavillón, aula de informática, aula TIC, salón de actos, biblioteca, conexión a internet nas aulas, canon de vídeo e encerado dixital en cada aula.

En Redondela un 8,8% da poboación pertence ao sector primario fronte a un 47,1% que pertence ao sector secundario, sobre todo ás industrias de conservas, conxelados e téxtil. O resto da poboación inclúese no sector terciario, na súa maioría dedicadoao pequeno comercio.

## III. REFERENCIAS NORMATIVAS.

Os referentes legais para a realización desta programación son:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo

da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

- Orde do 25 de xaneiro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade: Actualización da normativa de avaliación na ESO e bacharelato)

- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

Segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, DOG 29 de xuño de 2015; defínense os seguintes conceptos:

1. Enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas.

2. O currículo está integrado por: os obxectivos, as competencias, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares e resultados de aprendizaxe avaliables, e a metodoloxía didáctica.

Así temos:

a. Obxectivos: son os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

b. Competencias: son as capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

c. Contidos: son o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias. Os contidos ordénanse en disciplinas, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas, as etapas educativas ou os programas en que participe o alumnado.

d. Criterios de avaliación: son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

e. Estándares de aprendizaxe avaliables: son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento

ou logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

f. Metodoloxía didáctica: é o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

As **competencias clave** da programación didáctica serán as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

IV. 4º ESO

A) OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.

*Segundo o Decreto 86/2015 a Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:*

a. Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b. Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c. Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d. Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e. Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f. Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h. Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i. Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j. Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas , así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes a cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

k. Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l. Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m. Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
n. Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade. , e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes a comunidade lusófona.

B) CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS DE ***ECONOMÍA*** E ***INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL*** Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As materias de Economía e Inicitaiva á Actividade Emprendedora e Empresarial xogan un papel relevante para que os/as alumnos/as acaden os obxectivos da etapa e adquiran as distintas competencias clave, a saber:

- **Comunicación lingüística.**

Esta competencia está vinculada coas prácticas sociais que permiten ól individuo comportarse como axente comunicativo que produce e recibe mensaxes a través da lingua con distintas finalidades. É un instrumento fundamental para a socialización que vai permitir o exercicio activo da cidadanía, o desenvolvemento dun espíritu crítico, o respeto ós dereitos humanos, o pluralismo e a concepción do diálogo coma ferramenta primordial para a convivencia e a resolución de conflitos. Nestas materias porase de manifesto esta competencia para que o/a alumno/a coñeza e utilice correctamente diferentes termos relacionados coa área de economía, da empresa e da contorna laboral, para explicitar a diferencia entre economía normativa e positiva, distinguir entre as diferentes formas societarias, explicar a importancia do aforro e o control do gasto nunha economía persoal, coñecer os dereitos e deberes dos traballadores/as, comprender o contido e significado dos diferentes tipos de contratos, así coma as distintas obrigas contables e fiscais das empresas.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

Esta competencia implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático para describir, interpretar e predecir distintos fenómenos en su contexto a través de las áreas relativas ós números, o álxebra, a estadística e vai ser ampliamente desenvolvida nestas materias, posto que gran parte dos acontecimentos económicos e relativos o mundo empresarial son abordados mediante a realización de cálculos, gráficosey expresións alxebraicas. En concreto, utilizarase esta competencia matemática para analizar gráficamente el coste de oportunidade coñecer as distintas formas de financiaciamento das empresas, elaborar orzamentos persoalizados, confección de nóminas, elaboración de plans de investimentos e financiamento da empresa, valorar os datos relacionados con diferentes magnitudes coma os tipos de xuros, la inflación e o desemprego. Tamén as competencias básicas en ciencia tecnoloxía se van a desenvolver desde esta disciplina, xa que será imprescindible a utilización destos coñecementos para concienciarse da necesidade de alcadar un desenvolvemento sostible e da realización de actividades económicas e empresariais que respecten o medio ambiente e fagan un uso racional dos recursos naturais dispoñibles.

- **Competencia dixital.**

O desenvolvemento desta competencia implica o uso creativo, crítico e seguro das TIC, de tal xeito que permite adquirir habilidades actitudes necesarias para ser competente no contorno dixital. Estas materias va a axudar á consecución de esta competencia xa que a maior parte da información que se utiliza no ámbito económico e empresarial obtéñese das páxinas web e outras fontes de internet. O/a alumno/a utilizará programas informáticos para a elaboración de gráficas, análises de datos económicos, elaboración de orzamentos e pláns financeiros e de investimentos individualizados e tamén na elaboración e presentación de traballos, tanto individuais como en grupo.
Ademáis neste curso implántase neste nivel o proxecto E-Dixgal, o cal axudará a reforzar esta competencia no alumnado.

- **Aprender a aprender.**

Esta competencia é imprescindible para a aprendizaxe permanente e caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Tanto na materia de Economía como na de Iniciativa á Actividade Emprendedora e Empresarial o que é obxecto de estudo está suxeito a moitos cambios, polo que os/as alumnos/as deberán ser capaces de asimilar novos coñocementos e situacións, que soamente desenvolvendo esta competencia, poderán adquirir. As destrezas e actitudes que a integran evidéncianse na capacidade para tomar conciencia dos principios básicos a aplicar nas relacións económicas, coñecer as obrigas fiscais da empresa según su sector de actividade e os seus distintos cambios ó longo do tempo, comprender as necesidades de planificación financeira ó longo da vida, recoñecer e comprender a necesidade de ler os documentos bancarios, as nóminas e contratos laborais que se lles presenten, así coma investigar os ámbitos de oportunidades de emprego, determinando o impacto social da desigual redistribución da renda para valorar o impacto da globalización na calidade de vida das persoas e o medioambiente.

- **Competencias sociais e cívicas.**

Estas competencias implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade para interpretar fenómenos y problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados. A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo que desenvolve actitudes e valores como a integridade e a honestidade. O coñecemento dos efectos socias e medioambientais das empresas, o funcionamiento básico dos impostos, a relevancia social do aforro e o investimento, o coñecemento e o impacto social da normativa laboral, as causas do desemprego e as súas principais repercusións económicas permitirán os/as alumnos/as acadar as destrezas, actitudes e valores implícitos nesta competencia. A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís, todos eles necesarios para comprender e entender as experiencias colectivas e a organización funcionamento do pasado e presente das sociedades e particularmente da organización económica das mesmas. Nun mundo globalizado, donde o fenómeno migratorio é tan importante, será necesario desenvolver un espíritu aberto, positivo e solidario en relación a outras culturas que, cada vez máis, vanse incorporando á nosa.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.**

Implica a capacidade de transformar as ideas en actos, permitindo o aproveitamento de novas oportunidades, incluíndo a conciencia dos valores éticos relacionados. Nestas materias desenvólvense as capacidades integradas nesta competencia a través dos siguintes contidos: as decsións básiicas da economía; o coñecemento das relacións entre as economías domésticas e as empresas; a empresa e o empresario; o espíitu emprendedor, as distintas formas xurídicas das empresas; a capacidade para recoñecer oportunidades existentes nas actividades comercias e profesionais, a habilidade de negociación nas distintas operacións mercantís e financeiras, disposición para valorar distintas opcións para combatir o desemprego, a inflación e outros problemas económicos e sociais. Esta competencia poténciase especialmente nesta materia, posto que abarca a capacidade de comprensión das liñas xerais que rixen o funcionamento

económico das sociedades, a organización e os procesos empresarias, así como a postura ética das organizacións.

- **Conciencia e expresións culturais.**

  Esta competencia está presente xa que implica coñecer, comprender e valorar críticamente as distintas manifestacións culturais que determinaron históricamente as distintas respostas das sociedades ás súas necesidades, desenvolvendo valores e actitudes de tolerancia e respecto cara a diversidade cultural e a liberdade de expresión e, por outra banda, na capacidade para desenvolver a creatividade a través da comunicación de ideas, detección de necesidades e o xeito de resolvelas, condicionado pola visión cultural e social que se teña.

## C) ECONOMÍA NA OPCIÓN ORIENTADA AO BACHARELATO DE HUMANIDADES E CC.SS.

### C.1. INTRODUCIÓN

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a compresión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nasrelacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúetamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociaisdistínguea das restantes ciencias sociais. A materia de 4º de ESO distribúese en seis bloques que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económicos. No bloque 1 ("Ideas económicas básicas") recóllense aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica. No bloque 2 ("Economía e empresa") analízase o papel e o funcionamento do/da axente de empresas na economía. O seguinte bloque ("Economía persoal") está dedicado aoestudo da transcendencia das decisións económicas na vida das persoas. O cuarto

bloque ("Economía e ingresos e gastos do Estado") repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos e gastos. No quinto bloque ("Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego") repásanse os aspectos máissalientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego. E para rematar, o bloque de "Economía internacional" fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapénasrepercusións da integración económica e a globalización.

## C.2. CONTIDOS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIBLES.

| | Economía. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obvos. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
| | Bloque 1. Ideas económicas básicas | | | | |
| a<br>d<br>f | B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.<br>B1.2. Principios na toma de decisións económicas.<br>B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade. | B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas. | ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. | CCL<br>CSC | 1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, |
| | | | ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. | CAA<br>CD | 1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, |
| f<br>h<br>o | B1.4. O método na economía: modelos económicos.<br>B1.5. Fronteira de posibilidades de produción. | B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles. | ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. | CCL | 1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. |
| | | | ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. | CAA<br>CSC | 1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. |
| | | | ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. | CD<br>CMCCT | 1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. |
| a<br>f | B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación. | B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións | ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías | CMCCT<br>CSC | 1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as |

| | Economía. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obvos. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
| | | económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades. | domésticas e as empresas. | | economías domésticas e as empresas. |
| | | | ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno. | CMCCT<br>CSC | Non |
| | Bloque 2. Economía e empresa | | | | |
| a<br>b<br>e<br>m | B2.1. A empresa e o/a empresario/a.<br>B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.<br>B2.3. Clases de empresas.<br>B2.4. Formas xurídicas da empresa. | B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato. | ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. | CMCCT<br>CSIEE | 2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. |
| | | | ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | CAA<br>CD | Non |
| | | | ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. | CSIEE<br>CSC | 2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, |
| a<br>f<br>e | B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos.<br>B2.6. Sectores da actividade económica. | B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo. | ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | CMCCT<br>CSC | 2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. |
| | | | ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. | CD<br>CSC | B2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. |
| e<br>f | B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento. | B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas. | ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de | CCL<br>CD<br>CMCCT | 2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a |

| | Economía. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obvos. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
| | | | cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | | curto e a longo prazo. |
| e<br>f | B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación.<br>B2.9. Resultados da empresa. | B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio. | ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | CD<br>CMCCT | 2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. |
| a<br>e<br>f | B2.10. Obrigas fiscais das empresas. | B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais. | ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. | CD<br>CMCCT | 2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica. |
| | | | ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. | CSC | Non |
| | Bloque 3. Economía persoal | | | | |
| D<br>e<br>f | B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos.<br>B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades. | B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación. | ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. | CAA<br>CD<br>CMCCT | 3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. |
| | | | ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. | CAA<br>CD<br>CMCCT | Non |
| | | | ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. | CAA<br>CD<br>CMCCT | Non |
| A<br>d<br>m | B3.3. Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida. | B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social. | ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. | CAA<br>CSIEE | 3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. |

| | Economía. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obvos. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
| A<br>F | B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións.<br>B3.5. Risco e diversificación. | B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos. | ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. | CAA<br>CSC | 3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. |
| | | | ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. | CAA<br>CSC | 3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento. |
| A<br>b<br>e<br>f<br>g | B3.6. O diñeiro.<br>B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.<br>B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación.<br>B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro. | B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade. | ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. | CCL<br>CMCCT | 3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. |
| | | | ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. | CCL<br>CAA<br>CD | 3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas. |
| | | | ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. | CAA<br>CD | Non |
| | | | ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. | CCL<br>CD<br>CMCCT | 3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias. |
| E<br>f<br>g | B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros. | B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade. | ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. | CAA<br>CCL<br>CMCCT | 3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. |
| | Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado | | | | |
| a<br>b<br>e<br>f<br>g | B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado. | B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución. | ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. | CMCCT<br>CSC | 4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as |

| | Economía. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obvos. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
| ñ | | | | | súas relacións. |
| | | | ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. | CD<br>CMCCT | Non |
| | | | ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. | CMCCT<br>CSC | 4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos. |
| | | | ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | CCL<br>CSC | 4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos.. |
| a<br>e<br>f | B4.2. A débeda pública e o déficit público. | B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público. | ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. | CCL<br>CMCCT | 4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público. |
| a<br>c<br>d<br>e<br>f | B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda. | B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda. | ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. | CCL<br>CMCCT<br>CSC | 4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. |
| | | | ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda | CAA<br>CD<br>CMCCT | Non |
| | Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego | | | | |
| A<br>c<br>e<br>f | B5.1. Tipos de xuro.<br>B5.2. Inflación.<br>B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación.<br>B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias. | B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes. | ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | CCL<br>CSC | 5.1.1. Describe as causas da inflación. |
| | | | ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. | CCL<br>CMCCT<br>CSC | 5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. |
| | | | ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. | CD<br>CMCCT | Non |

| | Economía. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obvos. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
| A<br>c<br>e<br>f | B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.<br>B5.6. Perspectivas da ocupación. | B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego. | ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | CCL<br>CMCCT<br>CSC | 5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. |
| | | | ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. | CD<br>CSC | 5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España. |
| | | | ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. | CAA<br>CD | Non |
| | Bloque 6. Economía internacional | | | | |
| a<br>e<br>f<br>m | B6.1. Globalización económica.<br>B6.2. Comercio internacional.<br>B6.3. Integración económica e monetaria europea.<br>B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade. | B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente. | ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. | CAA<br>CSC | 6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo. |
| | | | ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. | CCL<br>CSC | 6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. |
| | | | ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. | CAA<br>CD<br>CSC | Non |
| | | | ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. | CCL<br>CD<br>CSC | 6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. |
| | | | ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | CAA<br>CSC | 6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional. |

C.3. TEMPORALIZACIÓN

Os contidos e estándares de aprendizaxe ós que fan referencia os seis bloques temáticos da táboa do apartado anterior da presente programación, obxecto de cada Avaliación, secuéncianse do seguinte modo na seguinte táboa.

| ECONOMÍA – 4º ESO | | |
|---|---|---|
| BLOQUES | AVALIACIÓNS | Exames/avaliación |
| Bloque 1. Ideas económicas básicas. | PRIMEIRA AVALIACIÓN | 1º exame: Bloque 1 |
| Bloque 2. Economía e empresa. | | 2º exame: Bloque 2 |
| | | |
| Bloque 3. Economía persoal | SEGUNDA AVALIACIÓN | 1º exame: Bloque 3 |
| Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado | | 2º exame: Bloque 4 |
| | | |
| Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego | TERCEIRA AVALIACIÓN | 1º exame: Bloque 5 |
| Bloque 6. Economía internacional | | 2º exame: Bloque 6 |

A materia de Economía de 4º ESO impártese durante tres sesións semanáis de cincuenta minutos cada unha,

D) INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL NA OPCIÓN ORIENTADA AS ENSINANZAS APLICADAS.

D.1. INTRODUCIÓN

O espírito emprendedor é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas logran levar a cabo un proxecto empresarial propio.

Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento constitúe o reto desta materia. Inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar o alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axuda ao coñecemento das actividades e das necesidades das persoas

emprendedoras, persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

A estrutura desta materia consta de tres grandes bloques: o primeiro, titulado "Autonomía persoal, liderado e innovación", está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a; no segundo bloque, "Proxecto de empresa", repásanse as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente; e para finalizar, un bloque que baixo o título de "Finanzas" analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento do seu proxecto empresarial,a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento, ademais, da competencia de sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como das competencias de comunicación lingüística e matemática, e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, dixital, sociais e cívicas, e a competencia de aprender a aprender.

## D.2.CONTIDOS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES /COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIBLES.

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obvos. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
| | Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación | | | | |
| e<br>g | B1.1. Autonomía e autocoñecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.<br>B1.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. | B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais. | IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. | CSIEE<br>CAA | 1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. |
| | | | IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as | CD<br>CAA<br>CSIEE | 1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno. |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obvos. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
| | | | desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles. | | |
| b<br>g | B1.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal. | B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida. | IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. | CAA<br>CSIEE | Non |
| a<br>c<br>g<br>m | B1.4. Dereito do traballo.<br>B1.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral.<br>B1.6. Contrato de traballo e negociación colectiva.<br>B1.7. Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego.<br>B1.8. Protección do/da traballador/a e beneficios sociais.<br>B1.9. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa. | B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Seguridade Social na protección da persoa empregada, e comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais. | IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. | CSC<br>CSIEE | 1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. |
| | | | IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva. | CSC<br>CSIEE<br>CMCCT | 1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais. |
| | | | IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas. | CCL<br>CSC<br>CSIEE | 1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste. |
| | | | IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano. | CSIEE<br>CAA<br>CMCCT | 1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obvos. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
| | | | | | aplicables en caso de accidente ou dano. |
| | Bloque 2. Proxecto de empresa | | | | |
| d<br>g | B2.1. Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa.<br>B2.2. Elementos e estrutura da empresa.<br>B2.3. Plan de empresa.<br>B2.4. Planificación na empresa. | B2.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc. | IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. | CSIEE<br>CAA | 2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. |
| | | | IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). | CSIEE<br>CMCCT<br>CD | 2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto. |
| | | | IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial. | CSIEE<br>CCL<br>CMCCT | 2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa. |
| | | | IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. | CCL<br>CSIEE<br>CMCCT | 2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. |
| b<br>g<br>h | B2.5. Información na empresa. Información contable. Información de recursos humanos. Documentos comerciais de cobramento e pagamento. Arquivo. | B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial. | IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. | CD<br>CMCCT<br>CAA | 2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros. |
| | | | IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e | CCL<br>CSIEE | Non |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obvos. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
| | | | a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais. | CD<br>CMCCT | |
| g<br>h<br>l | B2.6. Actividades na empresa. Función de produción. Función comercial e de márketing.<br>B2.7. Axudas e apoio á creación de empresas. | B2.3. Realizar actividades de produción e comercialización propias da empresa proxectada, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo. | IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. | CCL<br>CSIEE<br>CD<br>CMCCT | 2.3.1. Crea materiais publicitarios. |
| | | | IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo. | CSIEE<br>CMCCT<br>CD<br>CAA | 2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos. |
| | | | IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. | CD<br>CMCCT<br>CSIEE | 2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo. |
| | Bloque 3. Finanzas | | | | |
| a<br>d<br>g<br>h<br>l<br>ñ | B3.1. Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica.<br>B3.2. Elección da forma xurídica.<br>B3.3. Trámites de posta en marcha dunha empresa. | B3.1. Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas responsabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/a e xestores/as, así como coas esixencias de capital. | IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. | CSIEE<br>CMCCT | 3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. |
| | | | IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. | CD<br>CMCCT<br>CSIEE | 3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas. |
| | | | IAEEB3.1.3. Valora as tarefas | CSC | Non |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obvos. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
| | | | de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. | CMCCT | |
| | | | IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade. | CAA<br>CSIEE<br>CMCCT | 3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir. |
| b<br>f<br>g | B3.4. Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións, e crowdfunding) e internas (accionistas, investidores/as e aplicación de beneficios).<br>B3.5. Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas empresas (PME): comparación. | B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa. | IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. | CSIEE<br>CMCCT<br>CD | 3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa,. |
| | | | IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | CMCCT<br>CD<br>CSIEE | 3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. |
| b<br>f<br>g<br>l<br>ñ | B3.6. Planificación financeira das empresas. Estudo de viabilidade económico-financeira. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas.<br>B3.7. Impostos que afectan as empresas. Calendario fiscal. | B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así como da planificación financeira e fiscal. | IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. | CD<br>CSIEE<br>CAA<br>CMCCT | 3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados. |
| | | | IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de | CAA<br>CSIEE<br>CMCCT<br>CD | 3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito |

| | Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial. 4º de ESO | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obvos. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
| | | | empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. | | para cada tipo de empresa. |
| | | | IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. | CMCCT<br>CD<br>CSIEE | 3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica,. |
| | | | IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. | CSC<br>CAA | Non |

D.3. TEMPORALIZACIÓN.

Os contidos e estándares de aprendizaxe ós que fan referencia os tres bloques temáticos da táboa do apartado anterior da presente programación, obxecto de cada Avaliación, secuéncianse do seguinte modo na seguinte táboa.

| INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL – 4º ESO | | |
|---|---|---|
| BLOQUES | AVALIACIÓNS | Exames/avaliación |
| Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación. | PRIMEIRA AVALIACIÓN | 1º exame: B1.1. – B1.5. |
| | | 2º exame: B1.6. – B1.9. |
| | | |
| Bloque 2.. Proxecto de empresa. | SEGUNDA AVALIACIÓN | 1º exame: B2.1. – B2.4. |
| | | 2º exame: B2.5. – B2.7. |
| | | |
| Bloque 3. Finanzas. | TERCEIRA AVALIACIÓN | 1º exame: B3.1. – B3.4. |
| | | 2º exame: B3.3. – B3.7. |

A materia de Iniciativa á Actividade Emprendedora e Empresarial de 4º ESO impártese durante tres sesións semanáis de cincuenta minutos cada unha.

V. BACHARELATO.

## A) OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE BACHARELATO.

O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior.

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de formaresponsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, econtribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## B) CONTRIBUCIÓN DAS MATERIAS DE ***ECONOMÍA DA EMPRESA*** e ***FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN*** (2º BACHARELATO) Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As materias de **Economía da Empresa** e **Fundamentos de Administración e Xestión**, de segundo de bacharelato, xogan un papel fundamental para que os/as alumnos/as acaden os obxectivos da etapa e adquiran as competencias clave porque:

- Nas devanditas materias desenvolveranse as capacidades asociadas a fortalecer a competencia **sentido da iniciativa e do espíritu emprendedor**, o que implica mellorar a capacidade de transformar as ideas en actos. Para isto, é necesario favorecer o desenvolvemento de iniciativas de planificación e execución, así como procesos de toma de decisións, presentes máis claramente na realización de debates e de traballos individuais ou en grupo xa que implica idear, analizar, planificar, actuar, revisar l realizado, comparar os obxectivos previstos cos acadados e extraer conclusións. Gracias a estas materias, o alumnado poderá facerse con ferramentas básicas que lle permitan tomar decisións con criterio propio para transformar as súas ideas en accións.

  A adquisición dsta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo deste xeito á cultura do emprendemento. Nestas materias desenvolveranse as capacidades asociadas a esta competencia a través dos contidos relacionados coa empresa e o empresario e a súa relación co progreso económico e social, os determinantes nas decisións de localización e dimensión da empresa, a internacionalización das empresas, a planificación e toma de decisións de distinta natureza, o plantexamento de actuacións ante posibles conflitos de intereses tanto na organización empresarial coma a nivel xeral, a investigación e a innovación como elementos fundamentais na mellora da productividade e competitividade da empresa.

- A **competencia para aprender a aprender** é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ó longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais. Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. As destrezas

e actitudes que integran esta competencia evidéncianse na capacidade de aplicar o razoamento da clasificación das empresas a casos concretos, de reflexionar sobre a división técnica do traballo nun contexto global, de establecer relacións entre a productividade e os salarios dos traballadores e de valorar a importancia da información na toma de decisóns. Supón posuír ferramentas que faciliten a aprendizaxe, pero tamén ter unha visión estratéxica dos problemas e fenómenos económicos e saber prever e adaptarse ós cambios e crises que se producen cunha visión positiva. Tamén coopera na adquisición desta competencia as actividades que favorecen o desenvolvemento de estratexias para pensar, para organizar, memorizar e recuperar información, tales como resúmenes, ou esquemas.

- A **competencia matemática** tamén se estimula mediante a realización de cálculos da productividade de distintos factores, a aplicación de razoamentos matemáticos na interpretación dos resultados relacionados co cálculo e representación gráfica de ingresos e costes, o cálculo das variables macroeconómic, a utilización de métodos dinámicos na selección de investimentos e a análise das distintas opcións de financiamento da empresa. Esta competencia conleva a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predecir distintos fenómenos no seu contexto.

- En relación ás **competencias básicas en ciencias e tecnoloxía**, as contribucións das tres materias son relevantes; xa que permiten e esixen relacións interdisciplinares. Aa interacción co mundo físico mostrase na medida no que este foi transformado pola acción humana e utilizado como recurso económico de primer orden, na preocupación poas repercusións medioambientais dos procesos de extracción, transformación, uso e refugos de materias primas e complementa a visión científica das súas implicacións coa análises das causas e consecuencias de tipo económico vinculadas co benestar e a calidade de vida das persoas, en concreto na súa contorna máis cercana. Outros coñecementos, habilidades e actitudes vinculados a esta materia e relacionados con esta competencia son a análise crítica da distribución das fontes de riqueza, as redes do mercado internacional, os movementos de poboación que se orixinan como consecuencia da actividade económica, a conformación de diferentes realidades económicas entre o norte e o sur, a loita pola explotación e distribución dos recursos naturais e materias primas e a súa utilización como instrumentos de dominación económica, política, etc.

- Só a partir dun bo coñecemento dos contidos que proporcionan as materias de Economía da Empresa e Fundamentos de Administración e Xestión poderá adquirirse unha visión máis ampla e detallada da sociedade actual que axudará ós/as alumnos/as a desenvolver as **competencias sociais e cívicas.** Dominar esta competencia implica ter a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en

convicciónś democráticas. Os coñecementos, destrezas e actitudes asociadas con esta competencia acadaranse a través do tratamento, ó longo do currículo, da responsabilidade social e medioambiental, a ética nas actuacións empresariais, a análise do impacto social das estratexias de desenvolvemento das multinacionais, a división do traballo desde unha perspectiva global, a importancia dos recursos humanos na empresa, a investigación e a innovación tecnolóxica como pilares da competitividade e a sua repercusión na calidade de vida e a aportación que supoñen as obrigas fiscais á riqueza nacional.

- A **competencia dixital** implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para acadar os obxectivos relacionados co traballo, a empleabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade. Nestas materias utilizarase Internet para poder obter datos sobre as tasas de desemprego, tipos de xuros, datos sobre a inflación, programas que permitan a elaboración de gráficas e análise dos datos obtidos en relación coa productividade da empresa e o limiar de rendibilidade, a creación de documentos de presentación dos datos relacionados coa estrutura económica e financeira da empresa, así como a consulta de páginas web propostas pola docente o por propia iniciativa do alumnado.

- A competencia en **conciencia e expresións culturais** está presente nestas materias en canto que implica coñecer, comprender e valorar críticamente as distintas manifestacións culturais que determinaron históricamente as distintas respostas das sociedades as suas necesidades, desenvolvendo valores e actitudes de tolerancia e respecto cara a diversidade cultural e a liberdade de expresión e, por outra banda, na capacidade para desenvolver a creatividade a través da comunicación de ideas, detección de necesidades e o seu xeito de resolvelas, identificando distintos enfoques de marketing ou de segmentación de mercados. Son, polo tanto, materias ideais para desenvolver no alumno/a actitudes como a curiosidade, o interese e a creatividade, así como o recoñecemento das manifestacións culturais e artísticas como fontes de pracer e disfrute persoal.

- Por derradeiro, estas asignaturas contribuirán de xeito decisivoa á adquisición da **competencia lingüística,** xa que axuda a promover o desenvolvemento das catro grandes habilidades: falar, escoitar, ler e escribir. As materia esixen exercitarse na lectura, a escoita, a exposición e a argumentación. Por outra banda, a comunicación de coñecementos, ideas e opinión son imprescindibles para acadar os obxetivos destas materias, ó utilizar tanto a linguaxe oral como o escrito, a valoración crítica das mensaxes explícitos e implícitos en fontes diversas e, particularmente na publicidade e nos medios de comunicación, tamén axudan á adquisición da competencia. Igualmente, o coñecemento e o uso de termos e conceptos propios da análise do socioeconómico, posibilitan o enriquecimento do vocabulario e estimulan la representación mental que esixe o desenvolvemento do pensamento lóxico-formal. A linguaxe será a ferramenta fundamental para a comunicación, representación, comprensión e interpretación da realidade, así como para a construción do coñecemento e a organización do pensamento. Ademáis, o emprego e o estímulo á ampliación

do vocabulario específico que as materias estimulan, favorecen a comunicación cos outros e tamén o desenvolvemento da representación mental, é dicir, o pensamento lóxico-formal.

C) ECONOMÍA DA EMPRESA: 2º BACHARELATO. MODALIDADES: HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS E CIENCIAS.

C.1. INTRODUCIÓN.

A Economía da Empresa trata de explicar a realidade empresarial, como unha rama da economía especializada nun determinado suxeito económico: a empresa. Trátase dunha ciencia que, por unha banda, procura a explicación do fenómeno económico da empresa e, por outra, a actuación sobre ela para alcanzar certos fins. A tendencia actual diríxese a tratar de converter esta disciplina nun corpo de coñecementos interdisciplinarios que traten calquera problema que se formule na empresa.

A empresa é un axente esencial da actividade económica. As empresas constitúen as células elementais de produción que integran o organismo económico a través das cales se conseguen os obxectivos macroeconómicos e, por iso, ocupan a atención dos/das economistas. É na economía contemporánea onde acha a súa plenitude, xa que a división do traballo, a especialización, o desenvolvemento do sistema monetario e a amplitude do mercado crearon o clima necesario para que se dea con precisión e características peculiares a unidade autónoma de produción, que constitúe o obxecto real da economía da empresa. Nesta materia traballaranse cuestións como a razón da existencia das empresas, as súas características, os tipos de organización e de funcionamento, e os factores que inflúen na toma de decisións.

A materia, que emprega un enfoque de presentación baseado na análise de distintas áreas e funcións da empresa, estrutúrase nos bloques seguintes: "A empresa", no que se describen os seus elementos, as súas funcións e os seus obxectivos; "Desenvolvemento da empresa", onde se fai unha análise das decisións de dimensión e localización, e das estratexias de crecemento; "Organización e dirección da empresa", no que se explica a planificación, a organización e a xestión dos recursos da empresa; "A función produtiva", para analizar os procesos produtivos e a estrutura de ingresos e custos derivada deles; "A función comercial da empresa", que repasa as principais decisións da empresa na comercialización dos seus produtos e/ou servizos; "A información na empresa", para comprender a importancia de contar con datos e información relevante e precisa na toma de decisións e no cumprimento das obrigas fiscais; e finalmente "A función financeira", onde se trata de analizar os aspectos salientables das decisión de investimento e financiamento na empresa.

A empresa ten un significado social: crea emprego, canaliza a renda e, conseguintemente, constitúe un elemento de redistribución da renda nacional. O desenvolvemento da actividade empresarial e a acción do/da empresario/a deben estar guiados pola responsabilidade social e o comportamento ético, máis alá da procura duns resultados.

A materia ha de permitir o fomento dunha cultura e dun xeito de pensar empresarial, onde se exerciten e medren a creatividade e o espírito de innovación, e se incentive a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas, así como a

concepción do erro como fonte de progreso e aprendizaxe. Tamén ha contribuír ao desenvolvemento da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, de comunicación lingüística e dixital, da capacidade de aprender a aprender, e do sentido da iniciativa e o espírito emprendedor.

## C.2. CONTIDOS / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES /COMPETENCIAS CLAVE E MÍNIMOS ESIXIBLES

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obivos. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
| | Bloque 1. A empresa | | | | |
| A d i l m | B1.1. A empresa e o/a empresario/a.<br>B1.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.<br>B1.3. Clases de empresas.<br>B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial. | B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital. | EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. | CD<br>CMCCT<br>CSIE | 1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. |
| | | | EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | CD<br>CMCCT | 1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. |
| | | | EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado. | CAA<br>CD<br>CMCCT | Non |
| | | | EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema. | CCL<br>CSIEE | 1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema. |
| A d h | B1.5. Contorno da empresa.<br>B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa. | B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade | EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como | CD<br>CMCCT<br>CSC | 1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obivos . | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
| i<br>l<br>m<br>p | B1.7. Funcionamento e creación de valor. | e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as posibles implicacións sociais e ambientais da súa actividade. | a forma de relacionar co seu contorno máis próximo. | CSIEE | contorno. |
| | | | EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. | CD<br>CSC<br>CSIEE | 1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental. |
| | | | EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía. | CSC<br>CSIEE | 1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso. |
| | Bloque 2. Desenvolvemento da empresa | | | | |
| D<br>i<br>l<br>m | B2.1. Localización e dimensión empresarial.<br>B2.2. Estratexias de crecemento interno e externo.<br>B2.3. Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado.<br>B2.4. Importancia das pequenas e 2medianas empresas (PME) na economía.<br>B2.5. Internacionalización, competencia global e tecnoloxía.<br>B2.6. Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento. | B2.1. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan. | EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións. | CCL<br>CMCCT | 2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa. |
| | | | EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa. | CD<br>CMCCT<br>CSIEE | 2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa. |
| | | | EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación. | CCL<br>CMCCT<br>CSIEE | 2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación. |
| | | | EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos. | CAA<br>CD<br>CMCCT | 2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo. |
| | | | EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus | CSC<br>CSIEE | 2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, así como as súas vantaxes e os seus |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obivos. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
| | | | inconvenientes. | | inconvenientes. |
| | | | EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental. | CCL<br>CSC<br>CMCCT | 2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental. |
| | | | EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relacióna o coa capacidade para competir de xeito global. | CD<br>CMCCT<br>CSC | 2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa. |
| | Bloque 3. Organización e dirección da empresa | | | | |
| D<br>i<br>l<br>m<br>p | B3.1. División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual.<br>B3.2. Funcións básicas da dirección.<br>B3.3. Planificación e toma de decisións estratéxicas.<br>B3.4. Organización formal e informal da empresa: deseño e análise da súa estrutura.<br>B3.5. A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación.<br>B3.6. Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación. | B3.1. Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade e dos obxectivos formulados. | EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais. | CMCCT<br>CSC | 3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica. |
| | | | EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa. | CCL<br>CMCCT<br>CSIEE | 3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa. |
| | | | EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións. | CD<br>CMCCT<br>CSIEE | 3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións. |
| | | | EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo | CAA<br>CD | Non |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obivos . | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
| | | | e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. | CSC<br>CSIEE | |
| | | | EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. | CAA<br>CMCCT<br>CSIEE | Non |
| | | | EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade. | CAA<br>CSC<br>CSIEE | 3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade. |
| | Bloque 4. A función produtiva | | | | |
| A<br>i<br>l<br>m | B4.1. Produción e proceso produtivo.<br>B4.2. Función de produción. Produtividade e eficiencia<br>B4.3. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade empresarial. | B4.1. Analizar procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñecer a importancia da I+D+i. | EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. | CD<br>CMCCT | 4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos. |
| | | | EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. | CMCCT<br>CSC | 4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as. |
| | | | EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. | CAA<br>CMCCT<br>CSC | 4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. |
| l<br>l<br>m | B4.4. Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa.<br>B4.5. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa. | B4.2. Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado. | EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta | CD<br>CMCCT | 4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda. |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obivos . | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
| | | | os resultados. | | |
| | | | EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. | CD<br>CMCCT | 4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente. |
| | | | EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. | CD<br>CMCCT | 4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa. |
| | | | EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións. | CMCCT<br>CSIEE | Non |
| l<br>l<br>m | B4.6. Os inventarios da empresa e os seus custos. Modelos de xestión de inventarios. | B4.3. Describir os conceptos fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión. | EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario. | CD<br>CMCCT | 4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén. |
| | | | EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. | CD<br>CMCCT | 4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos. |
| | | | EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa. | CMCCT<br>CSIEE | Non |
| | Bloque 5. A función comercial da empresa | | | | |
| D<br>h<br>i<br>l<br>m | B5.1. Departamento comercial da empresa<br>B5.2. Concepto e clases de mercado.<br>B5.3. Técnicas de investigación de mercados.<br>B5.4. Comportamento do/da consumidor/a e segmentación de mercados.<br>B5.5. Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias.<br>B5.6. Estratexias de márketing e ética empresarial.<br>B5.7. Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing. | B5.1. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos. | EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido. | CSIEE | 5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables. |
| | | | EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing. | CAA<br>CD<br>CMCCT | 5.1.2. Identifica as estratexias e os enfoques de márketing. |
| | | | EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental. | CD<br>CMCCT<br>CSC<br>CSIEE | Non |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obivos . | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Mínimos esixibles |
| | | | EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. | CCL CMCCT | 5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. |
| | | | EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. | CD CMCCT | 5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos. |
Na plataforma E-Dixgal (4º ESO) só aparece o libro dixital de Economía, da editorial Edebé, mentres que para a materia de Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial, non figura ningún libro dixital. Parece que se está tramitando a posibilidade de engadir a esta plataforma a editorial Plneta, pero a docente neste momento descoñece se haberá libro dixital desta editorial para asignatura de IAEE. Ata ter a confirmación, utilizaranse os temas elaborados pola profesora Encarna Cela Ferreiro que se axustan perfectamente al currículo desta materia establecida pola Consellería.

## IX. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

### A) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE CADA AVALIACIÓN TRIMESTRAL:

ESO E BACHARELATO

Materias de bacharelato:

Economía da Empresa (2º) e Fundamentos de Administración e Xestión (2º).

Materias da ESO: Economía e Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial (4ºESO)

A nota de cada **avaliación parcial,** da correspondente materia e nivel, obterase procedendo segundo o indicado nos seguintes apartados:

1º) Calcularase a media aritmética, ou ponderada, das cualificacións exactas (con decimais) obtidas nos dous exames que se farán por avaliación, dependendo a ponderación de cada proba, e consensuada pola docente e o alumnado na medida do posible, da amplitude e grao de complexidade dos contidos obxecto de cada exame. Cada proba puntuarase de 1 a 10 puntos. Para calcular a devandita media aritmética, ou ponderada, esixirase que a nota mínima en cada exame sexa de **4** puntos sobre **10** en bacharelato e de **3.5** puntos sobre **10** na ESO. No caso de que non se chegue a sendas notas mínimas (**4** ou **3.5**) nun dos dous exames, aínda que noutro obtivérase unha nota alta que, logo de calcular a media aritmética, ou ponderada, lle permitira ó alumno/a obter un **5** (ou máis, segundo a ponderación que se acordara para os dous exames) suspenderíase a avaliación trimestral cun **4** e teríase que recuperar*.*

En cada exame escrito, puntuarse a asimilación e dominio dos contidos, así como a organización e expresión das ideas de xeito coherente. No caso de que a proba tamén conte cunha parte que consista na resolución de exercicios, problemas ou supostos de índole práctico, onde se valorará a capacidade de razoamento e a habilidade adquirida na aplicación da teoría na resolución dos exercicios prácticos, a ponderación establecerase pola docente para cada proba, en función do peso

específico dos contidos teóricos ou prácticos. Neste caso, para aprobar o exame que conste de teoría e de práctica, terase que sacar un mínimo da metade da nota parcial da parte práctica e da parte teórica, é dicir, non se superará o exame se non se chega a ese mínimo en cada unha das partes, aínda que unha das partes sexa superada cunha cualificación elevada. A cualificación de cada proba escrita darase cun número de **0** a **10**, e poderá levar decimais. A docente indicaralle aos alumnos/as, antes de que empecen a facer o exame, a puntuación que lle vai a otorgar a cada pregunta e, no seu defecto, valorarase cada unha por igual.

2º) Nota acadada polo traballo desenvolvido polos alumnos, tanto na aula coma na casa: resolución de cuestionarios, tests, exercicios prácticos plantexados polo libro de texto, ou expostos en E-Dixgal, así como outros extraidos de diferentes manuais, a elaboración e exposición dos traballos, opinións ou valoracións de artigos económicos de xornáis cando proceda, así como o bo orde e a recopilación do abordado na clase plasmados nunha libreta ou caderno, etc.

3º) En 2ª de bacharelato, a cualificación obtida en cada avaliación parcial da materia que corresponda, será a que resulte do cálculo indicado no primeiro apartado. E nas materias da ESO, a devandita cualificación obterase da suma do resultado obtido no primeiro apartado, ponderado nun 90% máis da nota obtida no segundo apartado, ponderado nun 10%, tendo en conta que sendos cálculos estarán condicionados pola nota mínima esixida en cada exame, tanto nas materias da ESO como nas de bacharelato, tal como se especifica no apartado primeiro.

Na ESO, no cálculo da nota acadada no apartado segundo, tersae en conta que cada cada tarefa non presentada ou entregada á docente, segundo proceda, penalizarase cun negativo, e cada negativo restará un **0.2.**

Polo tanto, se a cualificación obtida, segundo o exposto nos apartados anteriores tanto nas materias da ESO como nas de bacharelato, é igual ou superior a 5, a avaliación parcial estaría aprobada. E se é inferior a 5, estaría suspensa, e habería que recuperala.

## B) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA OU FINAL:

### *BACHARELATO*

Materias: Economía da Empresa e Fundamentos de Administración e Xestión (2º).

Para calcular a cualificación da **avaliación final ordinaria** en cada unha das materias impartidas en 2º de bacharelato, teranse en conta os seguintes casos:

1º*) A cualificación obtida nas 3 avaliacións parciais é igual ou superior a 5*:

A cualificación da avaliación final ordinaria de cada materia de 2º de bacharelato será o resultado de calcular a media ponderada (30%,30% e 40%) das cualificacións exactas (con decimais) obtidas nas tres avaliacións parciais. Como a cualificación final será igual ou superior a 5 a materia estaría aprobada.

2º) *Unha avaliación  parcial suspensa cunha cualificación inferior a 5*: Habería que recuperala, realizando un exame de recuperación no que entrarían  todos os contidos da materia correspondente da avaliación parcial suspensa. A proba puntuarase de 1 a 10 puntos. E procederíase a calcular a nova cualificación da avaliación  a recuperar aplicando a seguinte fórmula: 50% da cualificación exacta, con decimais,  obtida na avaliación suspensa + 50% da cualificación exacta obtida no exame de recuperación (sempre e cando sexa superior ou igual a 5 puntos).

A nova cualificación da avaliación parcial recuperada sería a que se tería en conta á hora de calcular a cualificación da avaliación ordinaria (e procederíase segundo o indicado no 1º caso). No suposto de obter no exame de recuperación unha cualificación **inferior a 5,** daríase por **NON RECUPERADA** a avaliación suspensa. Neste caso, o alumno/a teríase que presentar ó exame final.

3º) *Unha ou máis avaliacións parciais* ***suspensas non recuperadas***:

Antes da sesión da avaliación final ordinaria, e no mes de maio, procederase a facer un exame final (no que entrarán  todos os contidos da materia correspondente impartidos ó longo do curso) e ó que terán que presentarse obrigatoriamente todos aqueles alumnos/as que estén neste suposto. Tamén se poderá presentar de xeito voluntario quen, tendo superadas ou recuperadas as tres avaliacions parciais, desexe subir a súa nota media final. Este exame  puntuarase de 1 a 10 puntos.  A cualificación obtida na avaliación final ordinaria neste caso será o resultado obtido aplicando a seguinte fórmula: 50% da nota media aritmética ou ponderada, segundo proceda, das cualificacións exactas (con decimais) obtidas nas  tres avaliacións parciais + 50% da nota acadada no exame final. No caso de que o resultado, logo de aolicar esta fórmula, fora inferior a 5, a cualificación acadada na avaliación ordinaria sería de 5, sempre e cando no exame final se obtivera  unha cualificación igual ou superior a 5.

Como  a cualificación ou nota, tanto de cada unha das avaliacións parciais, como das avaliacións finais ordinaria e extraordinaraia, das dúas materias impartidas en 2º de bacharelato, ten que ser  númerica exacta, o criterio que se seguirá para a aproximación da cualificación con decimais (redondeo) será o seguinte: só se achegará ó número enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 8, e en cualificacións  igual ou superiores  a 5. E nas cualificacións inferiores a 5, sempre se achegará ó número enteiro inferior máis próximo, aínda que a cifra das décimas sexa un 8 ou un 9.

*ESO*

Materias: Economía e Iniciación a Actividade Emprendedora e Empresarial (4ºESO)

Para calcular a cualificación da **avaliación final** en cada unha das materias impartidas en 4ª ESO teranse en conta os seguintes casos:

1º*) A cualificación obtida  nas 3 avaliacións  parciais é igual ou superior a 5*:

A cualificación da avaliación final de cada materia de 4º ESO obterase do cálculo da media aritmética das cualificacións exactas (con decimais) acadadas nas tres

avaliacións parciais. Como a cualificación final será igual ou superior a 5 a materia correspondente estaría aprobada.

2º) _Unha avaliación parcial suspensa cunha cualificación inferior a 5_: Habería que recuperala, realizando un exame de recuperación no que entrarían todos os contidos impartidos na avaliación suspensa da materia que corresponda. A proba puntuarase de 1 a 10 puntos. E procederíase a calcular a nova cualificación da avaliación parcial a recuperar aplicando a seguinte fórmula: 50% da cualificación exacta, con decimais, obtida na avaliación suspensa + 50% da cualificación obtida no exame de recuperación (sempre e cando sexa superior a 5 puntos). No caso de que o resultado obtido fora inferior a 5, consideraríase que a cualificación obtida na avaliación parcial suspensa sería un 5, e daríase por recuperada.

A nova cualificación da avaliación parcial recuperada sería a que se tería en conta á hora de calcular a cualificación da avaliación final (e procederíase segundo o indicado no 1º caso).No suposto de obter no exame de recuperación unha cualificación **inferior a 5,** daríase por **NON RECUPERADA** a avaliación parcial suspensa. Neste caso, o alumno/a teríase que presentar ó exame final de recuperación.

*3º) Unha ou máis avaliacións trimestrais parciais **suspensas non recuperadas***:

Antes da sesión da avaliación final realizarase un exame final de recuperación, ó que terá que presentarse obrigatoriamente o alumnado suspenso. A fin de prepararse para este exame final (o cal abarcará todos os contidos impartidos ó longo do curso da materia correspondente), procederse a realización de actividades de recuperación e reforzo similares ás efectuadas durante o curso. Tamén se poderá presentar ó devandito exame final de xeito voluntario quen, tendo superadas ou recuperadas as tres avaliacions parciais, desexe subir a súa nota media final. Este exame puntuarase de 1 a 10 puntos. A cualificación obtida na avaliación final neste caso será o resultado obtido aplicando a seguinte fórmula: 50% da nota media aritmética das cualificacións exactas obtidas nas tres avaliacións parciais + 50% da nota acadada no exame final. No caso de que o resultado, logo de aplicar esta regra, fora inferior a 5, a cualificación acadada na avaliación final sería de 5, sempre e cando no exame final se obtivera unha cualificación igual ou superior a 5.

Dado que as cualificacións ou notas de cada unha das avaliacións trimestrais parciais, así como a da avalliación final, das materias da ESO, continúan sendo numéricas exactas aplicaranse os mismos criterios de redondeo que en bacharelato, é dicir, só se achegará ó número enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 8, e en cualificacións igual ou superiores a 5. E nas cualificacións inferiores a 5, sempre se achegará ó número enteiro inferior máis próximo, aínda que a cifra das décimas sexa un 8 ou un 9.

C) CRITERIOS CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA: 2º DE BACHARELATO.

Materias: Economía da Empresa e Fundamentos de Administración e Xestión (2º).

No segundo curso de bacharelato, durante o período comprendido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración dos exames extraordinarios, continuarase coa impartición de clases a fin de preparar ó alumnado para a realización das probas extraordinarias de Economía da Empresa e Fundamentos de Administración, así como ás da ABAU da materia de Economía da Empresa.

No caso de que a cualificación obtida na avaliación final ordinaria, en cada unha das materias impartidas en 2º de bacharelato, sexa inferior a 5, os alumnos/as terán que presentarse ás correpondentes probas extarordinarias que se celebrerán nas datas do mes de xuño fixadas polo equipo directivo. As devanditas probas extarordinarias, que abarcará todos os contidos da materia correspondente impartidos ó longo do curso, puntuarase de 1 a 10 puntos. E a cualificación obtida na avaliación final extraordinaria será a puntuación acadada na devandita proba. E considerarase que o alumno/alumna superou a materia de Economía da Empresa, ou de Fundamentos de Administración e Xestión, na avaliación final extarordinaria, sempre e cando a cualificación acadada na respectiva proba extraordinaria sexa igual ou superior ó 5. O redondeo dos decimais farase segundo o especificado anteriormente. Non presentarse a esta proba extraordinaria equivaldría a obter unha cualificación de NP na avaliación final extraordinaria da materia que corresponda.

*O que se recolle nos tres párrafos seguintes é aplicable para os apartados A, B e C do epígrafe IX desta Programación:*

No caso de que a un alumno ou alumna se lle sorprenda copiando se lle penalizará coa retirada e anulación do examen, obtendo unha calificación de **0** puntos, polo que suspenderá automáticamente a avaliación correspondente ou convocatoria (ordinaria ou extraordinaria de xuño).

No suposto tamén de que a profesora teña a firme sospeita de que o alumno/a copiou nun exame escrito, ben por un compañeiro/a, ou ben, empregando outro método de adquisición ou asimilación de contidos que non sexa parte dos seus propios coñecementos (móvil ou outros aparatos electrónicos) se lle penalizará repetíndolle o exame oralmente, e a nota que acade nesta nova proba será a que se lle considere como válida.

Cando un alumno/a non se presente a calqueira dos exames escritos que se realicen ó longo do curso terá que mostrar á docente o correspondente xustificante oficial para que esta lle repita o exame. No caso de que esta, segundo o seu criterio que será o máis obxectivo e racional posible, considere que o motivo da ausencia ó exame non queda o suficientemente xustificado, non lle repitirá o exame e o alumno/a terá que presentarse ó de recuperación o cal, como se fará despois das avaliacións (primeira e segunda), significará que a pertinente avaliación aparacerá suspensa.

D) ACTIVIDADES E REFORZOS PARA LOGRAR A RECUPERACIÓN:

A recuperación iniciarase cando se detecte a deficiencia no/a alumno/a, realizando con el/ela actividades complementarias, apoiándole naqueles puntos onde presente maiores deficiencias. A pofesora poderá entregarlle cuestionarios, exercicios e supostos que versen sobre os contidos abordados en cada tema, para que o alumno os resolva en casa, e que ela correxiría.devolvéndollos aos alumnos para que poidan repasalos e percatarse dos erros cometidos. Se tiveran algunha dúbida destinaranse os derradeiros dez minutos de cada sesión a solventalas, mentres o resto dos alumnos repasan os contidos explicados o fan os exercicios e actividades propostos pola profesora.

No caso de que os alumnos/as non lograran a superación das deficiencias e fallos detectados no proceso de aprendizaxe e, por tanto, non acadaran unha valoración suficiente en calquera dos contidos avaliados, estableceranse actividades de reforzo máis específicas para poder lograr a recuperación, que poden consistir, segundo a natureza dos contidos, coñecementos e capacidades implicados, en:

- Resolución de cuestionarios, problemas, tests de preguntas, así como de exercicios e supostos prácticos.
- Realización de traballos na casa.
- Elaboración dun diccionario de termos da asignatura.
- Mapas conceptuáis.

En 4º ESO, a fin de preparar ó alumnado suspenso, nas materias de Economía e Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial, para o exame de recuperación final que se realizará antes da sesión da avaliación final de xuño continurase implementanado esta variedade de actividades de recuperación e reforzo

En 2º de Bacharelato, unha vez rematada a avaliación ordinaria do mes de maio, continuaranse impartindo clases preparatorias de Economía da Empresa orientadas á ABAU, as cales tamén servirán de recuperación para aqueles alumnos/as que non supereraran a materia e que teñan que presentarse ó exame extraordinario de xuño. E o mesmo frase coa materia de Fundamentos de Administración e Xestión, aínda que non é avaliable na ABAU.

X. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.

A) INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO.

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado. | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula. | | | | |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo. | | | | |

B) INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE.

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar. | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros. | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas. | | | | |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares. | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación… | | | | |

## XI. RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE ECONOMÍA DE 1º BACHARELATO.

Neste curso non hai ningún alumno/a de 2º de Bacharelato que teña pendente a materia de Economía de 1º de Bacharelato, ben porque non a aprobara na proba extraordinaria de xuño, ou ben, por optar ó cambio de modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais.

## XII. AVALIACIÓN INICIAL.

Antes de iniciar o proceso de avaliación Inicial deben terse en conta aspectos tan esenciais como:

- Comprender a situación inicial e emocional en que se acha o alumno.
- Posibilitar que demostre o que sabe.
- Que non viva a experiencia como un exame ou unha proba a superar. P or esta razón, esta proba consistirá nunha batería de preguntas que se fará de xeito oral e xeral a todo o grupo.
- Considerar a avaliación de forma flexible .
- Realizar sempre unha avaliación en equipo: coavaliación.

O carácter aberto e flexible desta proba oral permitirá axudar ao alumno na comprensión de cada ítem, ademáis de facilitar a aclaración por parte da profesora e no mismo intre, das pertinentes dúbidas que vaian xurdindo, tanto a el coma ao resto dos seus compañeiros no desenvolvemento da mesma Cando a docente vaia formulando as diferentes cuestións, estas serán respondidas polos alumnos a mano alzada, e se irá dando o turno de palabra a aquel alumno, que non respondera con anterioridade.

As materias de Economía e Iniciativa á Actividade Emprendedora e Empresarial en 4º ESO son materias impartidas por primeira vez e, polo tanto, totalmente novedosas para o alumnado. Isto conleva que tanto os contidos, como o vocabulario específicos das devanditas materias, resulten completamente novos para o alumnos, aínda que moita terminoloxía e termos económicos xeráis si lles podería resultar algo coñecidos por escoitalos ou lelos nalgun medio divulgativo: xornáis, tv… ademáis de ser manexados popularmente pola xente, xa que a economía está presente na nosa vida cotidiá.

Tendo en conta o descrito, a docente preguntará qué alumnos, ou non, teñen por costume escoitar ou ler algunha noticia económica, para facerse una idea do grado de coñecemento previo de contidos de índole económica do grupo. E posteriormente, procederase a formular as preguntas de carácter básico e xeral que se contestarían oralmente no grupo.

Unha vez feita esta análise da situación de partida, a docente poderá planificar de xeito máis acertado as súas exposicións de contidos e organización de actividades coa finalidade de facer máis doada  a adquisición dos novos contidos por parte do alumnado.

Con respecto as materias, Economía da Empresa e Fundamentos de Administración e Xestión impartidas en segundo de bacharelato, terase tamén en conta se o alumnado cursou, ou non,  as  asignaturas de Economía en primeiro de bacharelato, e en 4º ESO, xa que as devanditas materias poden ser cursadas polos alumnos das dúas modalidades de bacharelato impartidas no centro, co obxecto de comprobar se teñen, ou non, interiorizado certos contidos económicos. Por esta razón,  levarase a cabo unha análise da situación de partida, que tamén consistirá nunha proba oral, a cal deberá ter en conta os coñecementos  previos que posúen os alumnos, coa finalidade de planificar por parte da docente a axuda pertinente que lles permita adquirir os novos contidos específicos de cada materia.

Nembargantes, e en todas as materias, a profesora formulará oralmente baterías de preguntas, non soamente ao comenzo do curso, senon tamén ao inicio de cada bloque temático, para poder diagnosticar tamén a motivación e actitude do alumnado polos contidos novedosos e que será de gran utidade, servindo de referencia para iniciar o traballo na aula, así como para orientar en canto a metodoloxía  a empregar xunto coa organización de espacios e recursos

## XIII. ATENCIÓN Á  DIVERSIDADE.

Un dos principios básicos que ten  que ter en conta  a intervención educativa é  o da individualización, consistente en que o sistema educativo ofreza a cada estudiante a axuda pedadagóxica que este/a necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe.  Xurde disto a necesidade de atender esta diversidade. Por iso é conveniente dar resposta, xa desde as mesmas asignaturas, a un feito constatable: a diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe que o alumnado manifesta. É preciso, entón, ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe do alumnado e adoptar as medidas oportunas para afrontar esta diversidade. Hai estudantes reflexivos  (deténense na  análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rápidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan ser reforzados continuamente e outros non; hainos/as que prefiren traballar sós/sóas  e  hai quen prefire traballar en un pequeno ou gran grupo.

Pese a que non é un labor doado, a profesora tratará de dar  atención a todas estas diferenzas  de capacidades, intereses, motivacións e estilos de aprendizaxe que existen entre os/as alumnos/as, adoptando as seguintes medidas:

- Emprego de metodoloxías didácticas diversas que se pode introducir nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades como consecuencia dos distintos graos de coñecementos previos detectados nos alumnos/as.

- Actividades diferenciadas e variadas, que se adaptarán ás motivacións, intereses e necesidades que presenten os/as alumnos. Tratándose de alumnos/as que manifesten algunha dificultade para traballar determinados contidos, axustaranse o grao de complexidade da actividade e os requerimentos da tarefa, a súas posibilidades, ademais de ter plantexadas actividades de reforzo para estas situacións. Para os/as alumnos/as máis interesados ou capacitados, poderíaselles recomendar a lectura de libros de contido económico como: "El economista camuflado" de Tim Harford; "Las cenizas de Ángela" de Frank Mc Court, "Una mente prodigiosa" de Sylvia Nasar…

- Materiais didácticos diversos. O emprego de materiais curriculares e recursos didácticos variados permitirá unha mellor adaptación aos diferentes tipos de capacidades, intereses e motivacións dos/as alumnos. Tamén poderanse secuenciar os recursos materiais segundo o grado de dificultade, utiizando en cada caso aqueles que resposten mellor ás necesidades concretas de cada alumno/a.

- Agrupamentos flexibles e ritmos distintos. Na medida en que se promova o traballo en equipo, farase máis doado a interacción entre os/as alumnos/as. Ademais, ao subdividir o grupo de alumnos/as en subgrupos homoxéneos, resultará máis sinxelo axeitar a axuda pedagóxica as súas necesidades específicas.

XIV. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Os temas que se van a impartir como elementos transversais para o presente curso en 4º ESO e primeiro de bacharelato son os seguintes:

- EDUCACIÓN AMBIENTAL:

1. Contidos:

- Analizar os efectos negativos da actividade económica sobre o medio ambiente.
- Propoñer solucións alternativas que poidan utilizarse para a contaminación.

2. Temporalización:

Dedicaranse dúas sesións para a exposición do tema no primeiro trimestre.

3. Avaliación:

Este tema avaliarase mediante a realización e presentación á profesora dun traballo escrito e individual, onde se valorará a claridade na exposición das ideas, a boa presentación, etc.

- EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR:

1. Contidos:

- Recoñecer o dobre papel das economías domésticas, como produtores e consumidores.
- Analizaro funcionamento da economía de mercado.
- Valorar críticamente as necesidades de consumo creadas a través de técnicas abusivas.

2. Temporalización:

Dedicaranse tres sesións para a exposición do tema no segundo trimestre.

3. Avaliación:

Este tema tamén avaliarase mediante a realización e presentación á profesora dun traballo escrito e individual, onde se valorará a claridade na exposición das ideas, a boa presentación, etc.

- EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE AMBOS SEXOS:

1. Contidos:

- Admitir que as posicións dogmáticas absolutas no permiten a evolución.
- Analizar as desigualdades laborais e salariais entre o home e a muller.

2. Temporalización:

Dedicaranse dúas sesións para a exposición do tema no terceiroo trimestre.

3. Avaliación:

Este tema tamén avaliarase mediante a realización e presentación á profesora dun traballo escrito e individual, onde se valorará a claridade na exposición das ideas, a boa presentación, etc.

XV. PROXECTO LECTOR.

# PLANTILLA PLAN LECTOR

DEPARTAMENTO DE ___ Economía______________________________

PROFESOR/A___Mª Luisa Bugallo Varela _________________________

| MATERIA | ACTIVIDADE | RECURSOS |
|---|---|---|
| - Economía da Empresa (2º Bach.)<br>- Fundamentos Xest. e Adm. (2º Bach)<br>- Economía (4º ESO)<br>- Iniciativa á Activ. Emprend. e Empresarial (4º ESO) | - Lectura en voz alta, dalgún apartado do tema correspondente que se esté explicando, por parte dun alumno.<br>- Lectura dalgún artigo que ven ó remate de cada tema dos libros de texto. | Libros de texto: "Economía de la Empresa", 2º Bach., Ed. SM, material extraído de diferentes manuais de texto, no caso de Fundam. Adm. e Xestión, Economía (formato dixital) 4ºESO, Edit. SM e Inic. á Activ. Emprend. E Empr., temas elaborados por Encarna Cela Ferreiro. |

| | | |
|---|---|---|
| - Economía da Empresa (2º Bach.)<br>- Fundamentos Xest. e Adm. (2º Bach.) | - Lectura na clase de artigos de revistas e xornáis de índole económica. | Revista económica: "Actualidad Económica".<br>Xornais: "Cinco días", "Expansión"... |
| - Economía da Empresa (2º Bach.)<br>- Fundamentos Xest. e Adm. (2º Bach.)<br>- Economía (4º ESO)<br>- Iniciativa á Activ. Emprend. e Empresarial (4ºESO) | - Lectura na casa dalgún artigo económico que o alumno buscará nalgún xornal . | Xornais: "El País", "La Voz de Galicia".... |
| - Economía da Empresa (2º Bach.)<br>- Fundamentos Xest. e Adm. (2º Bach)<br>- Economía (4º ESO)<br>- Iniciativa á Activ. Emprend. e Empresarial (4ºESO) | - Lectura dalgún libro de contido económico. | Libros de lectura: "Robinson Crusoe", "El economista camuflado", "50 cosas que hay que saber sobre economía", "Una mente maravillosa"; "El libro prohibido de la Economía", "Qué harías si no te tuvieras miedo", "El mercado y la globalización"… |
| - Economía da Empresa (2º Bach.)<br>- Fundamentos Xest. e Adm. (2º Bach.)<br>- Economía (4º ESO )<br>- Iniciativa á Activ. Emprend. e Empresarial (4ºESO) | - Resolución polo alumno dos exercicios que veñen nos pertinentes libros de texto, así como de todas aquelas actividades que sexan requeridas pola docente. | Caderno de clase |
| - Economía da Empresa (2º Bach.)<br>- Fundamentos Xest. e Adm. (2º Bach.)<br>- Economía (4º ESO)<br>- Iniciativa á Activ. Emprend. e Empresarial (4ºESO) | - Realización e presentación de traballos, individuais ou por grupos, que versen sobre algún tema do currículo das correspondentes asignaturas. | Folios, Ordenador, Internet, proxector da aula... |

XVI. PLAN TIC

# PLANTILLA PLAN TIC

DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA___________________________

PROFESOR/A: Mª Luisa Bugallo Varela

| MATERIA | ACTIVIDADE | RECURSOS |
|---|---|---|
| - Economía da Empresa | - Realización de Test interactivos, exercicios resoltos, consulta de | Ordenadores das aulas de Informática ou Tic. |

| | | |
|---|---|---|
| (2º Bach.)<br>- Fundamentos Xest. e Adm. (2º Bach.)<br>- Economía (4ºESO)<br>- Iniciación á Activ. Emprend. e Empresarial (4ºESO) | apuntes, que serán propostos pola profesora, e resoltos polos alumnos e que se buscarán nalgunha páxina Web., como por exemplo, Econosublime. | Internet<br><br>E-Dixgal (4º ESO)<br><br>Aula virtual (2º Bacharelato) |
| - Economía da Empresa (2º Bach.)<br>- Fundamentos Xest. e Adm. (2º Bach.)<br>- Economía (4ºESO)<br>- Iniciación á Activ. Emprend. e Empresarial (4ºESO) | - Búsqueda e acceso, por parte do alumno, ás fontes e datos publicados polos distintos organismos oficiais: O INE, Informes do Banco de España, Ministerio de Traballo, lexislacións, publicacións… | Ordenadores das aulas de Informática ou Tic.<br><br>Internet<br><br>E-Dixgal (4º ESO)<br><br>Aula virtual (2º Bacharelato) |
| - Economía da Empresa (2º Bach.)<br>- Fundamentos Xest. e Adm. (2º Bach.) | - Utilización, por parte do alumno, das páxinas Web especializadas no ensino de Economía no Bacharelato que lles permita consultar apuntes, a enciclopedia virtual, probas da ABAU noticias de actualidade, e enlaces con páxinas que amplían e reforzan os contidos explicados en clase. | Ordenadores das aulas de Informática ouTic.<br><br>Internet<br><br>Aula virtual<br><br>Páxinas Web: www.econoaula.com, www.ecomur.com, www.econosublime. |
| - Fundamentos Xest. e Adm. (2º Bach.)<br>- Economía (4º ESO)<br>- Iniciación á Activ. Emprend. e Empresarial (4ºESO) | - Elaboración e presentación de traballos na clase, por parte dos alumnos, de xeito individual ou por grupos. | Ordenadores das aulas de Informática ou Tic.<br><br>Ordenador da aula.<br><br>E-Dixgal (4º ESO)<br><br>Aula virtual (2º Bacharelato)<br><br>Programas informáticos: Word, Power point..<br><br>Internet<br><br>Proxector<br><br>Cañón |
| - Economía da Empresa (2º Bach.)<br>- Fundamentos Xest. e Adm. (2º Bach.)<br>- Economía (4ºESO)<br>- Iniciación á Activ. Emprend. e Empresarial (4ºESO) | - Resolución dalgún exercicio práctico. | Ordenadores das aulas de Informática ou Tic.<br><br>E-Dixgal (4º ESO)<br><br>Aula virtual (2º Bacharelato)<br><br>Programa informático: Excel |
| - Economía da Empresa (2º Bach.)<br>- Fundamentos Xest. e Adm. (2º Bach.) | - Visionado na aula de documentais e vídeos de contido económico: " La historia de las cosas", "Obsolescencia programada", "La crisis del Capitalismo", "Los entresijos de la | Ordenador da aula<br><br>Internet<br><br>E-Dixgal (4º ESO) |

| | | |
|---|---|---|
| - Economía (4ºESO) | crisis económica", "La inflación", "La historia del dinero", "Óceanos de plástico". | Aula virtual (2º Bacharelato)<br><br>Proxector<br><br>Cañón |
| - Iniciación á Activ. Emprend. e Empresarial (4ºESO) | - Buscar en Internet información actual relacionada con algún dos contidos impartidos na clase. | Ordenadores das aulas de Informática –Tic.<br><br>Internet<br><br>E-Dixgal : (4º ESO)<br><br>Ordenador da aula<br><br>Cañón<br><br>Proxector |
| - Iniciación á Activ. Emprend. e Empresarial (4ºESO) | - Visionado na aula de documentais e programas emitidos na TV de contido económico e empresarial: " La historia de las cosas", "La mentira de la bombilla de bajo consumo", "Fábrica de ideas emprendedoras".... | Ordenador da aula<br>Internet<br><br>E-Dixgal (4º ESO)<br><br>Cañón<br><br>Proxector |

XVII. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O departamento de Economía, no momento de elaborar a presente Programación, non ten previsto organizar ninguna actividade complementaria nin extraescolar. Nembargantes, non se descarta organizar alguna actividade complementaria como, por exemplo, unha charla sobre Primeiros Auxilios no derradeiro trimestre para os alumnos de 4º ESO A e Ciclos Formativos, en colaboración co departamento de FOL. Ademáis este departamento sempre terá unha actitude flexíbel, mostrando unha predisposición, e estando disposto a participar activamente en algunha actividade, complementaria e/ou extraescolar, que podería xurdir ó longo do curso proveniente doutro/s departamento/s.

XVIII. PLAN DE CONVIVENCIA.

O plan Integral para a Mellora da Convivencia Escolar en Galicia analiza a convivencia no contexto escolar e propón unha serie de medidas entre as que cabe destacar a creación do Obsevatorio Galego de Convivencia escolar. Desde todas as materias impartidas polo departamento de Economía contribuirase o plan de Convivencia do centro:

- Propiciando un clima de convivencia na aula.

- Fomentando o respecto das normas de organización e disciplina do centro.
- Promovendo o respecto a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa e, como non, a protección contra toda agresión física ou moral.

## XIX. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

O seguimento da programación será levado a cabo unha vez ao mes, e deixarase constancia por escrito do mesmo nunha acta recollida no Libro de Xefatura do Departamento de Economía

Todo este proceso de revisión desenvolverase para ir axustando as posibles deficiencias que se poideran detectar, posto que non se pode esquencer que a programación debe ser en todo momento versátil e flexible. Se fora necesario, a profesora recollerá no seu caderno de clase as incidencias sobre o funcionamento da programación. Tamén pode ser particularmente valiosa a avaliación por parte dos alumnos/as, recollendo a súa opinión, ó contestar oralmente ás preguntas formuladas pola profesora que poderán evidenciar a dificultade ou o atractivo no desenvolvemento das respectivas materias, dos materiais utilizados, das tarefas encomendadas, da organización do traballo, etc.

Dado que a programación debe ser aprobada ó comezo do curso, as súas modificacións realizaranse anualmente antes do inicio das actividades lectivas. Nembargantes, e segundo o exposto no parágrafo anterior, se ó longo do curso hai circunstancias que aconsellen modificacións puntuais da mesma, o departamento informará adecuadamente ó alumnado.

O mecanismo para a avaliación da programación didáctica, no seu conxunto, realizarase ó remate do curso para poder recoller as melloras cara o seguinte.

Dita ferramenta descríbese a continuación na seguinte táboa:

| **ELEMENTOS A AVALIAR** | **RESULTADOS** | | | **A DESTACAR** | **A MELLORAR** | **PROPOSTAS DE MELLORA** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Non conseguido | Conseguido parcialmente | Totalmente conseguido | | | |
| Programación didáctica. | Non se adecúa ó contexto da aula. | Adecúase parcialmente ó contexto da aula. | Adecúase completamente ó contexto da aula. | | | |

| ELEMENTOS A AVALIAR | RESULTADOS | | | A DESTACAR | A MELLORAR | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Non conseguido | Conseguido parcialmente | Totalmente conseguido | | | |
| Plans de mellora. | Non se adoptaron medidas de mellora tralos resultados académicos obtidos. | Identificáronse as medidas de mellora a adoptar tralos resultados académicos obtidos. | Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos. | | | |
| Medidas de atención á diversidade. | Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas. | Identificáronse as medidas de atención á diversidade a adoptar. | Adoptáronse medidas de atención á diversidade adecuadas. | | | |
| Temas transversais. | Non se traballaron tódolos temas transversais na materia. | Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia. | Traballáronse tódolos temas transversais na materia. | | | |
| Programa de recuperación. | Non se estableceu un programa de recuperación para os alumnos. | Iniciouse o programa de recuperación para os alumnos que o necesiten. | Estableceuse un programa de recuperación eficaz para os alumnos que o necesiten. | | | |
| Obxectivos da materia. | Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos. | Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso. | Alcanzáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso. | | | |
| Competencias clave. | Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia. | Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia. | Logrouse o desenvolvemento das competencias clave relacionadas con esta materia. | | | |
| Práctica docente. | A práctica docente non foi satisfactoria. | A práctica docente foi parcialmente satisfactoria. | A práctica docente foi satisfactoria. | | | |

| ELEMENTOS A AVALIAR | RESULTADOS | | | A DESTACAR | A MELLORAR | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Non conseguido | Conseguido parcialmente | Totalmente conseguido | | | |
| Programas de mellora para a práctica docente. | Non se deseñaron programas de mellora para a práctica docente. | Identificáronse os puntos para deseñar un programa de mellora para a práctica docente. | Deseñáronse programas de mellora para a práctica docente. | | | |
| Materiais e recursos didácticos | Os materiais e recursos didácticos non foron os adecuados. | Os materiais e recursos didácticos foron parcialmente adecuados. | Os materiais e recursos didácticos foron completamente adecuados. | | | |
| Disribución de espazos e tempos | A distribución dos espazos e tempos non foi adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados. | A distribución dos espazos e tempos foi parcialmente adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados. | A distribución dos espazos e os tempos foi adecuada ós métodos didácticos e pedagóxicos utilizados. | | | |
| Métodos didácticos e pedagóxicos | Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados non contribuíron á mellora do clima da aula e do centro. | Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron parcialmente á mellora do clima na aula e do centro. | Os métodos didácticos e pedagóxicos utilizados contribuíron á mellora do clima da aula. | | | |
| Manexo dos contidos de cada bloque da correspondente materia | Non se desenvolveron a maioría dos contidos de cada bloque. | Desenvolveuse parte dos contidos de cada bloque. | Desenvolvéronse todos os contidos de cada bloque. | | | |
| Resultados da avaliación | Os resultados da avaliación nesta materia non foron satisfactorios. | Os resultados da avaliación nesta materia foron moderados. | Os resultados da avaliación nesta materia foron satisfactorios. | | | |